



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 30 DE XULLO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día trinta de xullo de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D<sup>a</sup> Rita Castelo Meilán e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Begoña Seco Varela incorpórase no terceiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia que da lectura en viva voz da promesa ou xuramento á nova concelleira do BNG.

“Dona Rita Castelo Meilán, xura ou promete cumprir fielmente ás obrigas do cargo de Concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?”.

A concelleira do BNG dona Rita Castelo Meilán resposta que promete cumprir fielmente ás obrigas do cargo de Concelleira con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Neste intre, a Concelleira Rita Castelo Meilán toma posesión da súa condición de concelleira de Outeiro de Rei.

O Alcalde di que proclama a toma de posesión da Concelleira do BNG dona Rita Castelo Meilán e dálle a benvida a este Pleno e deséxalle ter éxito durante o seu mandato.

A continuación iníciase o exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XUÑO DE 2021.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 25 de xuño de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.





## Concello de Outeiro de Rei

---

### 2-PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MODIFICACIÓN DE ASIGNACIÓNS

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da seguinte proposta de resolución:

“D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Na sesión celebrada o día 20 de xuño de 2019, o Pleno da corporación municipal de Outeiro de Rei acordou que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros xoves de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.

En relación á Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas tódolos xoves ás trece horas. Se algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.

Asemade, adoptáronse, entre outros asuntos:

Asignar adicación parcial ao 98% de xornada á Alcaldía-Presidencia, recoñecendo tal adicación dende o día 15 de xuño.

Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 43.800 euros anuais, que se distribuirán en 14 pagas anuais.

Establecer unha adicación parcial con unha adicación de 90% da xornada ao cargo de concelleiro e cunha retribución bruta anual de 27.000 euros distribuídos en 14 pagas, que será asignada polo Alcalde da Corporación, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte ao da asignación.

Establecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 2000 euros/ano, e outra variable, de 1200 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político”

A modificación sobrevida das necesidades de xestión municipal, aconsellan modificar o acordo adoptado no seu momento, no seguinte sentido:

Eliminar a adicación recoñecida á Alcaldía-Presidencia.

Eliminar a adicación parcial do 90% da xornada ao cargo de concelleiro.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Simultaneamente, establecer dous adicacións parciais do 50% da xornada ao cargo de concelleiro e cunha retribución bruta anual de 25.000 euros cada unha distribuídos en 14 pagas, que serán asignadas polo Alcalde da Corporación, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte ao da asignación.

Establecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 2000 euros/ano, e outra variable, de 1500 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político

A modificación proposta non conleva un incremento do gasto, xa que dos 70.800 euros de adicacións pásase a 50.000 euros. Isto implica un aforro de 20.800 euros, que é moi superior ao incremento de gasto de 3.900 euros que implica o incremento de aportacións aos grupos políticos.

Por todo o anterior PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Modificar o acordo plenario adoptado sesión celebrada o día 20 de xuño de 2019, nos seguintes termos:

- 1.- Eliminar a adicación recoñecida á Alcaldía-Presidencia.
2. Eliminar a adicación parcial do 90% da xornada ao cargo de concelleiro.
3. Establecer dous adicacións parciais do 50% da xornada ao cargo de concelleiro e cunha retribución bruta anual de 25.000 euros cada unha distribuídos en 14 pagas, que serán asignadas polo Alcalde da Corporación, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria seguinte ao da asignación.
4. Establecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 2000 euros/ano, e outra variable, de 1500 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político”.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio fai uso da súa palabra expoñendo que non entende porque se ten que aumentar asignación por concelleiro para cada grupo político e máis mirando o orzamento que se presentou.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervéñ dicindo que van a votar en contra e non están de acordo co que poden deducir das intencionalidades de estas propostas. Considera que o Alcalde renuncia á dedicación exclusiva porque vai a cobrar á xubilación coa pensión que lle corresponde polo que leva cotizado durante todos estes anos do Concello.

Creem que o Concello de Outeiro de Rei non ten entidade para ter dúas dedicacións exclusivas de dous concelleiros para traballar en cuestións políticas cando no seguinte punto a tratar é, precisamente, aprobar un orzamento onde se reflexan os





## Concello de Outeiro de Rei

---

problemas económicos que está a sufrir este concello xa que non hai cartos para pagar as facturas.

En canto ás asignacións a grupos políticos, a dotación que hai é máis ca suficiente e non se xustifica o incremento da asignación na metade do mandato.

Dende o BNG non van a participar en ningunha operación para poder apagar os lumes internos que hai no grupo do Partido Popular.

Non obstante, quere deixar claro que o traballo político debe ser remunerado e que a actividade política ten uns gastos asociados que deben ser compensados, pero na medida do razoable.

O voceiro do PP resposta á voceira do PSdG-PSOE que estas modificacións supoñen un aforro do 28% nas dedicacións exclusivas e a proposta implica un aforro global do 22%, o cal é bastante razoable nun momento de crise global.

Engade que o BNG non está nin nunca estivo de acordo con nada. Durante tempo estivo dicindo que tiña que haber dedicacións a grupos políticos cando non as había. Agora cando as hai non lles parece ben que as haxa. Recórdalles que poden renunciar a eles sen ningún problema.

Dende logo onde gobernan non soamente non renuncian a elas, senón que procuran telas en abundancia.

Se o alcalde cobra unha pensión non cree que sexa cousa do Concello. Vai a haber dous concelleiros/as con media dedicación cando antes había a dedicación do Alcalde e dun concelleiro cunha dedicación superior ás que vai a haber agora.

Como o BNG predica unha cousa e cando gobernan fan outra, non esperaban outra cousa.

A asignacións a grupos políticos varían 200 euros ao ano por concelleiro para todos os grupos políticos e volve a facer fincapé en que poden renunciar se queren a ditas asignacións.

O Alcalde dille ao concelleiro do BNG que o de apagar o lume no seu grupo político non lle encaixa porque non viu lume en ningún lado, e se hai lume non é precisamente no PP.

O Alcalde ten dereito a unha pensión como o resto da cidadanía. As decisións persoais non é necesario entrar a debatilas. Tampouco se lle di nada de que os concelleiros do BNG cobren da Administración como funcionarios e máis do Concello os plenos e as asignacións dos grupos políticos.

Quere deixar claro que todos os provedores cobran as súas facturas.





## Concello de Outeiro de Rei

---

A concelleira do PSdG-PSOE resposta ao Alcalde que é o momento de gasto social e non de gasto político. E puntualiza que o aumento que propón beneficia en moito ao seu grupo político xa que ten o meirande número de concelleiros.

O Alcalde dille que nin beneficia nin perxudica, cobrase en función dos concelleiros que se teñen e que ese número é o resultado obtido nas eleccións polos veciños.

Para que quede claro os grupos políticos todos cobran o mesmo, teñan un concelleiro como é o caso do PSdG-PSOE ou teñan nove como o PP, a cantidade de 2.000 euros. Cada grupo político ten a representación que lle deron os veciños. Para ser exactos as dúas adicacións anteriores supuñan un custe de 70.800 euros e as novas de 50.000 euros, polo que a proposta que estamos a debater implica un aforro de 20.800 euros.

Por outra banda, as asignacións a grupos políticos incrementa o custe anual en 3.900 €. Polo que o balance final da proposta é de un aforro neto de 16.900 euros ao ano.

Sométese a votación a proposta da alcaldía para modificacións de asignacións.

Realizada a votación, queda aprobada a proposta da alcaldía para modificacións de asignacións con oito a favor dos concelleiros do PP e catro en contra dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE.

### **3-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O EXERCICIO 2021**

Inicia o debate o Alcalde defendendo a seguinte proposta de resolución:

“Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2021 así como, as súas Bases de Execución e o Cadr de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe do orzamento 2021 da Interventora municipal.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupuestaria e da Regra de gasto.

Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo Ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno.





## Concello de Outeiro de Rei

PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto non financeiro, regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o exercicio 2021 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 7.982.376,86 €.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2021, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte

PRESUPUESTO GASTOS			
Clasificación económica - Resumen general			
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
Cap .	Descripción	Consignación	( % )
1	GASTOS DE PERSONAL	1.326.788,76	16,51
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.870.060,57	35,72
3	GASTOS FINANCIEROS	37.000,00	0,46
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	216.282,55	2,69
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
	Total operaciones Corrientes	4.450.131,88	

Clasificación económica - Resumen general			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
Cap .	Descripción	Consignación	( % )
6	INVERSIONES REALES	3.569.244,98	44,42
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00





## Concello de Outeiro de Rei

9	PASIVOS FINANCIEROS	15.570,00	0,19
	Total operaciones de Capital	3.584.814,98	

	Total Presupuesto	8.034.946,86	
--	-------------------	--------------	--

PRESUPUESTO INGRESOS  
Clasificación económica - Resumen general  
A.- OPERACIONES CORRIENTES

Cap.	Descripción	Consignación	( % )
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.541.800,00	19,16
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	60.000,00	0,75
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.659.300,54	33,04
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	1.959.760,27	24,35
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00	0,00
	Total operaciones Corrientes	6.220.860,81	

Clasificación económica - Resumen general  
B.- OPERACIONES DE CAPITAL

Cap.	Descripción	Consignación	( % )
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.335.631,52	16,59
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	492.024,70	6,11





## Concello de Outeiro de Rei

	Total operaciones de Capital	1.827.656,22	

	Total Presupuesto	8.048.517,03	
--	-------------------	--------------	--

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 435.908,70 euros.

QUINTO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2021, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia”.

O Alcalde di que o fundamental deste orzamento é a forte inversión, mantemento de postos de traballo e unha débeda aceptable e asumible para a situación que ten este país.

De momento non se ten unha previsión certa e clara, e non está recollido no orzamento a inxección inxente da cantidade de diñeiro a transferir pola Unión Europea.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén para anunciar que o seu grupo vai a votar en contra de estos orzamentos en base a tres motivos.

O primeiro deles é o destempo no que se presenta este proxecto, xa que carece de sentido presentalo cando transcuriron sete meses do ano. Este incumprimento da lei é sistemático e se repite ano tras ano.

Dende o PP fanse campañas estatais recollendo sinaturas para eliminar os indultos a políticos que tomaron decisións administrativas que posiblemente foron ilegais e erróneas, ao tempo que neste Concello presentase a conta xeral fóra de prazo, os orzamentos sete meses despois, apróbase unha RTP sen informe de secretaría e sen negociación cos sindicatos. Se as sinais de tráfico estorban córtanse e úranse ao río e aquí non pasa nada.







## Concello de Outeiro de Rei

---

Esta extemporeñada imposibilita, por exemplo, o poder presentar enmendas como a de incluír máis cartos na limpeza de cunetas para empezar os desbroces en marzo ou abril.

O segundo dos motivos é o fraude á cidadanía dos números, xa que leva moitos anos incorporando sistematicamente en gastos e ingresos a cantidade de 1.000.000 euros para a Urbanización de A Palloza, namentres leva cerca de quince anos sen facer nada. Eses veciños seguen sen ter acceso asfaltado ás súas casas, sen ter alumeadado público, pero están pagando o IBI todos os anos. O Concello non esixiu os avales bancarios ao promotor. Houbo unha incompetencia manifesta de non darlle solución a ese problema e os únicos perxudicados son os veciños.

O terceiro dos motivos é que parece unha auténtica operación de maquillaxe para tapar os problemas financeiros que ten o concello. Claro exemplo disto é que todo o investimento real que fai o Concello finánciase con crédito que ten que pedir o Concello para facer ese investimento.

Asemade, conséntase que ao final do ano 2020 o Concello debía 1.400.000 € en facturas. Por exemplo a comida dos xubilados do ano 2019, cuxa factura non se aprobou até agosto do 2020 e non se pagou até xaneiro do 2021. Os provedores quéixanse con razón do tempo que tardan en cobrar as facturas.

Recoméndalle ao alcalde que si el non sabe empregue ese diñeiro desas dedicacións exclusivas en profesionais que leven temas económicos para limpar as contas do Concello. O Alcalde presume de baixar os impostos no ano 2017 ao tempo que incrementa a taxa da auga e da recollida do lixo e incluso cobra para acceder a Área recreativa de Santa Isabel.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio opina que é un orzamento desastroso. Refírese a datos que se reflicten no informe da interventora municipal. Atópase unha previsión de gastos en bens correntes e persoal dun 52,23% do total orzamentario. Inclúense créditos para aplicar o incremento citado, referíndose ao incremento salarial tanto do persoal funcionario como o laboral. Pola explicación do informe dedúcese que se excede do máximo legal que se pode destinar a complemento específico. Advírtese que a masa salarial incrementase nunha porcentaxe superior á fixada na Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021. Comenta que actualmente o persoal citado no informe ten a condición de persoal laboral temporal en fraude de lei. Este persoal tería que saír dunhas prazas convocadas anualmente a través de oferta de emprego público.

Respecto aos gastos en bens correntes e servizos advirte que incrementouse dende 2019 exponencialmente. O recoñecemento extraxudicial de créditos debería ser empregado de forma excepcional coa fin de validar gastos concretos específicos que fosen contraídos irregularmente, non para dar a cobertura á realización reiterada e





## Concello de Outeiro de Rei

---

sistemática de gastos sen a necesaria consignación orzamentaria, tal como está a suceder nos últimos anos neste Concello.

Asemade, o informe advirte que a imputación ao orzamento do 2021 dos gastos incluídos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo seu elevadísimo importe traerá como consecuencia inevitable unha insuficiencia de créditos orzamentarios para atender as obrigas do exercicio corrente.

Por outra banda, vólvese a incluír o gasto con financiamento para a execución do proxecto de urbanización de A Palloza. Gustaríalle saber en qué fase se atopa ese proxecto xa que os veciños e veciñas non saben nada.

Estamos, engade, ante un orzamento do exercicio 2021 presentado fóra de prazo. Extemporaneidade que non se entende tendo o PP a maioría absoluta que lle garante a súa aprobación. A pesares de isto, estamos no mes de agosto e aparecen os orzamentos agora, sabendo que a fase de formación tiña que ser antes do quince de outubro de 2020 e debería aprobarse definitivamente o trinta e un de outubro dese mesmo ano.

O Alcalde resposta á concelleira do PSdG-PSOE que o que acaba de facer e ler o informe da interventora e ese informe xa o teñen todos.

En relación ao persoal en fraude de lei afirma que o actual goberno do PSOE asegura que vai a resolver ese problema. Espera que así sexa.

En relación ao proxecto da Urbanización de A Palloza non é certo que os veciños non sepan nada. Fai preto de tres ou catro meses convocouse a unha reunión a todos os veciños e veciñas de dita urbanización para explicarlles a situación e o que se vai a facer ao longo deste ano e dos seguintes.

Na fase na que se atopa é na reparcelación económica porque o proxecto xa está feito e a continuación farase a contratación das obras.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que nunca aprobaron un orzamento nos anos que levan na oposición. Un dos motivos que expuxo é o comenzo da limpeza de cunetas en marzo pero onde gobernan tampouco é así, polo que son absolutamente incoherentes.

A débeda que recollen os orzamentos supón por veciño cento e algo de euros, isto en corenta anos que se leva gobernando o PP. En cambio ao Goberno do Estado que apoian en tres anos incrementou a débeda pública para cada cidadán en 7.000 euros.

A Urbanización A Palloza si que ten camiños en terra e está sen alumeamento público pero teñen o servizo de auga. Hai parroquias en concellos onde goberna o BNG que non teñen este servizo. O Concello vai resolver o problema nesta urbanización. Engade cumpriuse coa lexislación vixente cando se deron esas licenzas.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Seguen insistindo en esixir os avais bancarios cando non se esixen en ningún lado e menos naqueles tempos.

Respecto ao que chaman “catastrazo”, recórdalles que se trata de unha actuación do Goberno de España realizada directa e exclusivamente pola Dirección Xeral do Catastro. O concello o único que fixo foi baixar o tipo impositivo do 0,6% ao 0,45% actual.

E si quedaron facturas sen pagar do ano pasado para iso se fai ese recoñecemento de crédito e este ano esperase ir equilibrando as contas.

Evidentemente este Concello ten un servizo de auga un pouco caro pero hai xente que se ven vivir a Outeiro de Rei en vez de quedarse na capital da provincia xa que non hai auga nas parroquias e, recorda, a capital está gobernada polo BNG e máis o PSdG-PSOE.

O feito de cobrar por ir a Área recreativa non ten detrás un motivo económico, senón a intención de arranxar un problema que existe no uso de esta zoa natural para poder disfrutar dela os veciños con tranquilidade e en boas condicións.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación inicial do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2021.

Realizada a votación, o orzamento xeral do Concello para o exercicio 2021 resulta aprobado inicialmente con nove votos a favor dos concelleiros do PP e catro votos en contra dos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº Pº; O Alcalde

